

AVALIACIÓN ELAS DECIDEN

ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ



arabías

Índice

| | | |
|-----|--|----|
| 1. | Un camiño para o Elas deciden | 2 |
| 1.1 | Elas deciden é | 3 |
| 1.2 | O que pasou no Elas deciden | 4 |
| 1.3 | As persoas que habitaron o Elas deciden | 8 |
| 1.4 | Esta avaliación final | 13 |
| 2. | As paradas do camiño..... | 15 |
| 2.1 | Parada R1..... | 16 |
| 2.2 | Parada R2..... | 24 |
| 2.3 | Parada R3..... | 33 |
| 2.4 | Parada R4..... | 41 |
| 3. | Cara onde camiñar..... | 51 |
| | As conclusións a través das paradas do camiño | 52 |
| | Reflexións xerais sobre o Elas deciden | 56 |
| | Reflexións sobre o proceso de avaliación | 58 |
| | Anexo 1. Comunicación e difusión das actividades | 59 |

Din que non falan as plantas, nin as fontes, nin os paxaros,
nin a onda cos seus rumores, nin co seu brillo os astros,
dino, pero non é certo, pois sempre cando eu paso,
de min murmuran e exclaman:
Aí vai a tola soñando
coa eterna primavera da vida e dos campos.

Rosalía de Castro, "En las orillas del Sar"

Como dicíamos na liña de base deste proxecto, o *Elas deciden* chegou ás nosas mans como unha pequena semente invisible na terra, que xermolaba e loitaba por prosperar arroupada coa forza das voces que a acompañaban. No seu seo, gardaba a vontade de contribuír á loita global das mulleres polos seus dereitos, especialmente os sexuais e reprodutivos, dende unha perspectiva feminista e decolonial a través de alianzas Norte-Sur.

Un ciclo solar despois, coa aprendizaxe das catro estacións latente no seu seo, a semente volve a nós xa como planta enraizada na terra. E volve para compartir os seus sentires e saberes, para conversar sobre o seu devir e o seu proceso de medrar, para assimilar e profundar nas vivencias e ensinanzas.

E nós, sentámonos con ela para mirala e escoitala, para coñecer o que precisa e preparar así, xunto a ela, a nova volta ao sol que virá.

Este informe é a nosa conversa.



1. Un camiño para o Elas deciden



Todas as sementes teñen a súa historia, e por tanto, resulta necesario coñecer o seu pasado para entender o presente e construímos un futuro con forza. O Elas deciden comezou sendo semente mais agora xa é planta e garda na súa memoria a historia do camiño que lle tocou facer.

Neste primeiro apartado da avaliación, comezamos presentando un esquema explicativo sobre os elementos fundamentais do Elas deciden e tamén sobre o proceso avaliativo realizado.

1.1 Elas deciden é

- Un proxecto de EpDCG entendida, seguindo a definición da Coordinadora de ONGD´s de España, *“como un proceso para xerar consciencias críticas e facer a cada persoa responsable e activa. O fin é construír unha sociedade civil - tanto no Norte como no Sur - comprometida coa solidariedade - entendida esta como corresponsabilidade - e participativa, cuxas demandas, necesidades, preocupacións e análises se teñan en conta á hora de tomar decisións políticas, económicas e sociais”*
- Un proxecto con perspectiva feminista, que traballa baixo un modelo de pensamento e un movemento sociopolítico que busca cuestionar, desmontar e transformar a orde social imperante para construír un escenario máis diverso, inclusivo, igualitario e xusto.
- Un proxecto Norte-Sur, que busca sensibilizar sobre os procesos de apoderamento das mulleres a un e outro lado desta “liña” Sur-Norte global, interconectando ambas realidades e posibilitando as relacións entre as mulleres salvadoreñas como titulares de dereitos e as mulleres galegas organizadas en diversos colectivos de carácter feminista.
- Un proxecto de ED liderado por ACPP apoiado dun grupo de traballo amplo formado por diferentes asistenciais técnicas: Atalaia Social, Outra Escuela, Conxenia, Xiana Iglesias, Ffotoeduca e Arabías.
- Un proxecto con alianzas no movemento feminista galego, que aporta realidade e suma efecto multiplicador e capacidade de mobilización, difusión e incidencia ao proxecto.
- Un proxecto executado por ACPP e financiado pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior a través da modalidade de convocatoria de proxectos.

1.2 O que pasou no Elas deciden


R1

MELLORADOS OS COÑECEMENTOS E ACTITUDES E ALUMNADO E PROFESORADO SOBRE DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS



FORMACIÓN PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

Traballo coa comunidade educativa a través da creación dunha guía metodolóxica arredor do documental "En deuda con todas" producido por AGARESO e ACPP no ano 2019, que permita traballar os dereitos sexuais e reprodutivos no ámbito escolar, nomeadamente secundaria.



R2

FORTALECIDAS AS CAPACIDADES DE AXENTES CHAVE NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL CON ENFOQUE DE XÉNERO



FORMACIÓN PARA AXENTES CHAVE

Destinada a entidades ou iniciativas estratéxicas aliadas, organizacións e colectivas feministas coa finalidade de formar para poder cuestionar os nosos modelos de cooperación internacional e as relacións co Sur e incorporar o enfoque de xénero de maneira transversal e de forma integral.

COORDINACIÓN CON AXENTES CHAVE PARA A REALIZACIÓN DUNHA FORMACIÓN

Novembro e Decembro 2020

DIFUSIÓN DA FORMACIÓN

Xaneiro e Febreiro 2020

FORMACIÓN "COOPERACIÓN PARA A TRANSFORMACIÓN SOCIAL: DECOLONIALISMO E ENFOQUE DE XÉNERO"

Abril e Maio 2020

SISTEMATIZACIÓN DA FORMACIÓN

Xuño e Xullo 2020

PRESENTACIÓN DA GUÍA DIDÁCTICA EN ESPAZOS ESTRATÉXICOS

Setembro e Novembro 2021

ENLAZA CO "ELAS DECIDEN 2021"

R3

CONTRIBUÍDO Á SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL E POLÍTICA



SENSIBILIZACIÓN E INCIDENCIA

Sensibilización social para a cidadanía e incidencia política con titulares de responsabilidades

CICLO DE VISIONADO DO DOCUMENTAL "EN DEUDA CON TODAS"

Abril a Xullo 2021

ACTIVIDADE DE INCIDENCIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL POLOS DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS

Setembro 2021

ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN A TRAVÉS DUNHA CHARLA ABERTA CUNHA MULLER ACTIVISTA DE EL SALVADOR

Setembro, Outubro e Novembro 2021

REUNIÓNS ENTRE TITULARES DE OBRIGAS E MULLER ACTIVISTA DE EL SALVADOR

Setembro, Outubro e Novembro 2021

REUNIÓNS ENTRE TITULARES DE OBRIGAS E MULLER ACTIVISTA DE EL SALVADOR

Setembro, Outubro e Novembro 2021

R4

FOMENTADA A COORDINACIÓN E ANÁLISE DO PROXECTO DE CARA A SÚA VISIBILIDADE E SUSTENTABILIDADE



**XESTIÓN, COORDINACIÓN
COMUNICACIÓN E AVALIACIÓN**

**COORDINACIÓN E SEGUIMENTO
DO PROXECTO**

Outubro 2020 a Decembro 2021

**REALIZACIÓN DA LIÑA DE BASE
DO PROXECTO**

Outubro, Novembro e Decembro 2020

PLAN DE COMUNICACIÓN

Outubro 2020 a Novembro 2021

**CAMPAÑAS EN REDES SOCIAIS
(#DEZIMOS)**

Maio, Xuño, Agosto e Setembro de 2021

**REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN
EXTERNA DO PROXECTO**

Outubro, Novembro e Decembro 2021

1.3 As persoas que habitaron o Elas deciden

O Elas deciden é un proxecto liderado por ACPP que conta con varias ramas. Cada unha desas ramas, conta co apoio de persoas e colectivos diversos.

R1

FORMACIÓN PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

PARTICIPANTES

IES XULIÁN MAGARIÑOS DE NEGREIRA

Neste proxecto participou o alumnado deste centro. A colaboración deuse a través da equipa de igualdade do centro, Equa, a cal foi creada a comezos do 2019 ao abeiro dun proxecto de Escolas Sen Racismo, formando parte do centro da Rede de Escolas sen Racismo de ACPP. Contouse tamén coa orientadora do centro.

IES LAXEIRO DE LALÍN

Neste proxecto participou o alumnado deste centro. A colaboración a través da equipa de igualdade do centro, Trafegando a Igualdade, un grupo que xa está consolidado no centro e que actúa como motor de transmisión de valores igualitarios e de identificación e sensibilización contra as violencias machistas apelando ao bo trato como paradigma das relacións interpersoais.

ASISTENCIA TÉCNICA

Atalaia Social , con Noelia Darriba, e Jeanne Costa

Aporta a este proxecto a realización e o monitoreo da guía “En deuda con todas”
É unha entidade de iniciativa privada con ampla experiencia e formación no eido socioeducativo e na integración do enfoque de xénero nos procesos pedagóxicos e comunitarios. A súa esencia é o desenvolvemento de proxectos desde un enfoque de xénero e experiencia no acompañamento en procesos socioeducativos dirixidos á comunidade educativa. Neste proxecto suma esforzos a Noelia Darriba (educadora social, formadora en igualdade de xénero, prevención das violencias machistas, co-educación emocional e facilitadora en Terapia do Reencontro), Jeanne Costa (sexóloga, coordinadora e docente de diversos programas de educación sexual integral), aportando o enfoque da diversidade étnico-racial.

R2

FORMACIÓN PARA AXENTES CHAVE

ALIADAS

Coordinadora Galega de ONGDS

A Coordinadora Galega de ONGD naceu o 1 de xuño de 1991 da man de dúas organizacións xa desaparecidas: Comisión Galega pro-Amazonia e Estudantes Solidarios. A este par de entidades se lles foron sumando, aos poucos, moitas outras organizacións e hoxe, 30 anos despois, a Coordinadora suma 45 ONGD asociadas. Para este proxecto ACPP, que forma parte da mesma, realizou un contacto directo e estreito con ela aportando información para a liña de base respecto da actualización de información sobre a poboación diana do proxecto exercendo como axentes posibilitadores de réplica das accións do proxecto e facilitando o contacto con outras ONGDs.

ASISTENCIA TÉCNICA

Otra Escuela, Luisa María Ocaña Muñoz e Yaneli García

Aporta a este proxecto o desenvolvemento e sistematización da formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e xénero”
É unha ONG colombiana que leva case vinte anos traballando pola construción de culturas de Paz en varias rexións de Colombia e outros países de América Latina. Destaca pola súa innovadora proposta metodolóxica e pedagóxica que levou ao seu equipo a especializarse no uso de linguaxes artísticos e lúdico-creativos nos procesos nos que intervén. En 2017 abriu unha sede en España (Madrid) co obxectivo de levar a cabo proxectos de cooperación Sur/Norte, levando os coñecementos e prácticas dende América Latina ao Estado español.
As súas áreas de traballo son: investigación, xestión cultural, procesos formativos e asesorías e comunicación nos campos temáticos de transformación positiva de conflitos, equidade de xénero, acompañamento psicosocial e innovación pedagóxica.

R3

SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E INCIDENCIA POLÍTICA

ACTIVISTAS FEMINISTAS SALVADOREÑAS

Mercy Mulato

Comunicadora, feminista e defensora dos dereitos humanos. Mercy é xornalista do Colectivo Feminista de El Salvador. Dirixe a Radio de Todas, o primeiro medio de comunicación feminista en liña no Salvador, e tamén coordina a Radio Güija, un medio de comunicación comunitario ambientalista.

Queen e Yezli MIC

Músicas de rap e integrantes do Colectivo Hip Hop Femenino de El Salvador, un colectivo fundado no 2016, integrado por 5 mulleres que se fan escoitar a través do rap, definíndose feministas nunha arte historicamente de homes. O seu obxectivo é promover e crear espazos artísticos e culturais para as mulleres artistas do Salvador. O proxecto contou coa visita de Yesenia Karmelina Martínez, coñecida artisticamente como Yezli MIC, e con Jennifer Alisson Serrano, coñecida artisticamente como Queen, ambas cantantes, compositoras e activistas feminista.

ASISTENCIA TÉCNICA

Ffotoeduca, Mariola Mourelo

Aporta a este proxecto o desenvolvemento dunha formación online na acción de incidencia con motivo do Día Internacional polos Dereitos Sexuais e Reprodutivos (28 de setembro). É un proxecto educativo de Mariola Mourelo no cal leva desde o 2009 organizando formacións e espazos creativos para mulleres principalmente, pero tamén para grupos mixtos de adolescentes crianzas e adultes. Mariola emprega a fotografía como ferramenta de construción de procesos participativos para a abordaxe de temáticas diversas dende a perspectiva social, de xénero, feminista e interseccional. Combina os coñecementos sobre fotografía documental con formación en facilitación e xestión de grupos, pedagogía popular e de xénero.

ALIADAS COLECTIVOS FEMINISTAS GALEGOS

Azos Feministas de Lalín

Colectivo feminista configurado como asociación desde o ano 2018. Desenvolve múltiples iniciativas no concello de Lalín encamiñadas a difundir as ideas feministas entre as mulleres e ao conxunto da sociedade e conseguir que as reivindicacións que se expuñaen situáisen en primeiro plano político e social.

Colectivo feminista das Mariñas (Betanzos)

Espazo non mixto e de estrutura horizontal non xerárquico de sororidade feminina que partilla dos principios da MMM onde reflexionar e debater sobre o obxecto feminista. A súa base teórica e de acción é o feminismo radical interseccional. Posiciónanse en contra de todas as formas de opresión do sistema cisheteropatriarcal supremacista capitalista. Polo tanto, están comprometidas na loita destas opresións que nos atravesan.

Observatorio Mariña pola Igualdade

Asociación feminista, integrada por mulleres da Mariña (Lugo). A través de xuntanzas e asembleas poñen en común análises e deseñamos estratexias e actividades para desenvolver na comarca, ademais de informar sobre os recursos dispoñibles en materia de igualdade. No Observatorio buscan dar resposta ás necesidades prácticas e aos intereses estratéxicos das mulleres para fomentar a igualdade de xénero.

Rural Mutante da Veiga

Colectivo Rural Mutante, composto por cinco persoas novas da Veiga e Viana. Naceu no ano 2020 para promover o foro "Mutante's: xornadas de encontro entre proxectos de innovación rural", unhas xornadas de encontro entre proxectos de innovación rural que tivo lugar no concello da Veiga co fin de proporcionar un espazo de intercambio e coñecemento de proxectos que permiten a vida no rural. O colectivo segue desenvolvendo o seu traballo e mutando por un rural vivo.

Feministas de Catoira

Plataforma feminista pola igualdade e xustiza social. Busca repercutir positivamente a nivel social, ecolóxico e cultural en Catoira.

R4

XESTIÓN, COORDINACIÓN COMUNICACIÓN E AVALIACIÓNS

ASISTENCIA TÉCNICA

Xiana Iglesias Villaverde ◀

Aporta a este proxecto a xestión da comunicación e da difusión, desenvolvendo as campañas en redes sociais

É xornalista e técnica de artes gráficas. Ten ampla experiencia como xornalista e tamén coordinou proxectos de intervención social vencellados á dinamización cultural e á etnografía. Por tanto, consideramos que combinar estas dúas facetas resulta positiva para a comprensión da dimensión social do proxecto máis alá do meramente comunicativo.

▶ **Conxenia, Marta Conde**

Aporta a este proxecto o deseño gráfico e a maquetación do material, tanto para as publicacións como para a campaña nas redes.

É o proxecto de Marta Conde, diseñadora gráfica, emprendedora e mamá de Rosalía . Conxenia, é unha marca responsable e consciente que se implica con honestidade e profesionalidade en cada proxecto. Marta emprega as súas habilidades creativas para promover produtos e marcas auténticas nas que cree.

1.4 Esta avaliación final

Para que?

Este informe avaliativo conta con varios propósitos ou obxectivos:

- Analizar a pertinencia do proxecto en relación ás necesidades do contexto.
- Complementar o procedemento de seguimento do proxecto cunha visión externa durante a execución das accións.
- Valorar o grado de cumprimento do obxectivo específico e dos resultados (segundo os indicadores e cronograma programados na matriz de planificación do proxecto e segundo a liña de base prevista no marco do proxecto).
- Avaliar o grado de satisfacción e cumprimento de expectativas das persoas participantes.
- Valorar a capacidade de xestión de ACPP en relación ao proxecto.
- Estimar e analizar os principais logros e debilidades do proxecto.
- Identificar retos para transformalos en liñas de acción que alimenten o futuro. Elas deciden.

Que e como?

A continuación presentamos unha infografía que recolle as diferentes fases desta avaliación así como o traballo de campo que se realizou en cada unha delas:

FASE 1 – DESEÑO METODOLÓXICO

Setembro e Outubro 2021

- Deseño de instrumentos para o traballo de campo.

FASE 2 – TRABALLO DE CAMPO

Novembro e Decembro de 2021

EIXO 1 - FORMACIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA

- Entrevista en profundidade a Atalaia Social.
- Revisión documental sobre a elaboración, presentación e difusión da guía "En deuda con todas".
- Entrevista equipo ACPP

EIXO 2 - FORMACIÓN PARA AXENTES CHAVE

- Entrevista en profundidade a Otra Escuela.
- Revisión do cuestionario que pasou ACPP ás persoas que formaron parte da formación sobre feminismo decolonial.
- Revisión do documento de sistematización da formación de feminismo decolonial.
- Entrevistas en profundidade a colectivos feministas aliadas na proxección do documental: Colectivo feminista das Mariñas, Colectivo Rural Mutante e Colectivo feminista de Catoira.

EIXO 3 - SENSIBILIZACIÓN E INDICENCIA POLÍTICA

- Revisión documental do impacto mediático obtido a partir da visita das mulleres salvadoreñas.
- Entrevista en profundidade á responsable da comunicación e á equipa de ACPP.

EIXO 4 - XESTIÓN, COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN


- Revisión documental da comunicación do proxecto.
- Revisión das redes de ACPP.
- Entrevista en profundidade á responsable da comunicación e á equipa de ACPP.

FASE 3 – SISTEMATIZACIÓN DA INFORMACIÓN

Xaneiro e Febreiro 2022

- Análise da información obtida no traballo de campo.
- Elaboración do documento final.

2. As paradas do camiño



Na liña de base soñabamos cos froitos do Elas deciden. Uns froitos que eran os resultados xa pensados para o proxecto no momento antes de que a semente tocasse a terra. Tamén imaxinabamos a semente medrando a través do tallo, despregando as ramas cos eixes de acción, nas que nacerían as follas e as flores, en forma de actividades. Neste punto, o futuro xa foi presente e agora toca mirar atrás e observar con paso lento as paradas do camiño dunha semente que xa é planta.

Neste segundo apartado da avaliación, analizamos ao detalle os resultados do proxecto. Para facelo, partimos do que se planificou e profundamos no que se fixo, analizando o nivel de consecución dos indicadores a través da información cualitativa e cuantitativa obtida no traballo de campo

2.1 Parada R1

O que se planificou

Indicadores incorporados na liña de base

Resultado 1

Mellorados os coñecementos e actitudes e alumnado e profesorado sobre dereitos sexuais e reprodutivos.

Indicadores:

IOV-1.1. Elaborada guía metodolóxica sobre o documental “En deuda con todas”.

IOV-1.2. Realizadas dúas sesións de monitoreo da guía unha no IES Negreira e outra no IES Lalín.

IOV-1.3. 100 exemplares da guía metodolóxica impresa.

IOV-1.4. Ao finalizar o proxecto, presentadas, cando menos, tres recensións sobre a guía.

IOV-1.5. Ao finalizar o proxecto, cando menos, unha presentación da guía nun encontro de profesorado.

IOV-1.6. No remate do proxecto, cando menos seis centros de secundaria solicitan formación para traballar a guía.

IOV-1.7. 50% dos centros que solicitaron formación (3 de 6) pertencen á Rede de Escolas Sen Racismo (ESR).

IOV-1.8. No remate do proxecto, polo menos 6 centros participan nas sesións formativas sobre a guía metodolóxica.

IOV-1.9. No remate do proxecto, o alumnado que participa incrementa os seus coñecementos sobre dereitos sexuais e reprodutivos, violencia obstétrica, despenalización do aborto e educación sexual e afectiva.

O que se fixo

Consideracións xerais de partida

Os retos identificados na liña de base eran...

En relación coas expectativas...

- Rachar con eses prexuízos e tabús que derivan do descoñecemento e da falta de información, tamén é un gran reto.

A nivel metodolóxico...




- Atinar coas técnicas adecuadas para traballar estes grandes temas tendo en conta dous hándicaps: o tempo das sesións é moi limitado; e abordar estes temas nas aulas poden derivar en situacións dominadas por susceptibilidades e conflitos.

O contexto galego e a comunidade educativa...










- ACPP ten unha traxectoria potente arredor do traballo en materia de dereitos sexuais e reprodutivos en cooperación exterior, mais esta experiencia é a primeira no contexto galego e na comunidade educativa. O reto neste caso é trasladar o discurso e argumentación a un contexto tan diferente do que é habitual.

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

-  Indicador conseguido
-  Indicador conseguido parcialmente
-  Indicador non traballado

Cadro resumo

| Logro | Indicadores |
|---|--|
|  | IOV-1.1. Elaborada guía metodolóxica sobre o documental “En deuda con todas”. |
|  | IOV-1.2. Realizadas dúas sesións de monitoreo da guía unha no IES Negreira e outra no IES Lalín. |
|  | IOV-1.3. 100 exemplares da guía metodolóxica impresa. |
|  | IOV-1.4. Ao finalizar o proxecto, presentadas, cando menos, tres recensións sobre a guía. |
|  | IOV-1.5. Ao finalizar o proxecto, cando menos, unha presentación da guía nun encontro de profesorado. |
|  | IOV-1.6. No remate do proxecto, cando menos seis centros de secundaria solicitan formación para traballar a guía. |
|  | IOV-1.7. 50% dos centros que solicitaron formación (3 de 6) pertencen á Rede de Escolas Sen Racismo (ESR). |
|  | IOV-1.8. No remate do proxecto, polo menos 6 centros participan nas sesións formativas sobre a guía metodolóxica. |
|  | IOV-1.9. No remate do proxecto, o alumnado que participa incrementa os seus coñecementos sobre dereitos sexuais e reprodutivos, violencia obstétrica, despenalización do aborto e educación sexual e afectiva. |

Análise

● IOV-1.1. Elaborada guía metodolóxica sobre o documental “En deuda con todas”.

Fontes de información do traballo de campo: Entrevista a Atalaia Social, aliada encargada da elaboración da guía e revisión de documentación (Guía en Deuda con Todas) e publicacións nas redes sociais de ACPP

A guía ***En deuda con todas*** que parte dunha mirada holística e integral dos dereitos sexuais e reprodutivos, na que se introduce a mirada intercultural.

Como se difundiu este indicador no marco do proxecto?

Presentación da guía nas redes sociais por parte das súas creadoras: Atalaia Social e Jeane Costa.

Imaxes que acompañan as publicacións de presentación da guía didáctica no anexo 1

Medos iniciais que foron superados...

- No inicio do traballo había certos medos e inseguridades, pero o feito de contar na equipa cunha muller racializada, que aportaba a perspectiva e enfoque decolonial fixo máis doado todo o proceso de elaboración.

Os obxectivos de partida na elaboración da guía foron...

- Sinxeleza, lixeireza, pragmatismo e respecto con todas as identidades.
- Baixar do social ao persoal, utilizando técnicas dinámicas e divertidas para achegarnos á realidade dos dereitos sexuais e reprodutivos.

A guía supuxo éxitos a nivel de...

- Ademais, ao partir do documental, traballáronse moito os datos, a guía sae moi ben argumentada e posicionada. Fai poñer a mirada, e o punto de vista decolonial foi moi positivo.
- Ten información práctica e é unha fonte de recursos.
- É pioneira a nivel da Galiza, onde non existe outra guía que aborde os dereitos sexuais e reprodutivos.
- Está atravesada polo enfoque feminista.
- O seu pilar básico é concibir os a sexualidade como un dereito, e non dende un enfoque preventivo.

Superamos os retos identificados na liña de base?

Reto identificado:

Atinar coas técnicas adecuadas para traballar estes grandes temas tendo en conta dous hándicaps: o tempo das sesións é moi limitado; e abordar estes temas nas aulas poden derivar en situacións dominadas por susceptibilidades e conflitos.

Atalaia Social, responsable da elaboración da guía:

“A guía vai a desmontar as resistencias que ás veces atopamos ao falar deste tema, pois ten unha clara base feminista. A guía ten toda a información e con recursos para seguir buscando información”

“A guía está moi pensada para que o alumnado busque información e se sitúen no debate. Propoñemos un traballo de busca activa do alumnado”

● IOV-1.2. Realizadas dúas sesións de monitoreo da guía unha no IES Negreira e outra no IES Lalín.

Fontes de información do traballo de campo: Entrevista a Atalaia Social, aliada encargada da elaboración da guía e revisión de documentación (informe do monitoreo da guía) e publicacións nas redes sociais de ACPD

A guía ***En deuda con todas*** foi pilotada en dous centros educativos: O IES de Lalín e o IES de Negreira.

- 9 de febreiro de 2021 no IES de Lalín, 2º da ESO na materia de Coeducación (13 rapazas e 3 rapaces)
- 18 de febreiro de 2021 no IES de Negreira, 3ª da ESO (10 rapazas e 7 rapaces)

Como se difundiu este indicador no marco do proxecto?

Difusión das conclusións das sesións de monitoreo en redes sociais

Imaxes que acompañan a devolución de resultados das sesións de monitoreo no anexo 1

Escenarios diversos de monitoreo que trouxeron conclusións diversas...

- Houbo diferencias na pilotaxe que se levou a cabo nos dous centros educativos. No caso do IES Lalín, foise ao grupo que ten a materia de coeducación, e no IES de Negreira non. Neste sentido, había diferencias no

nivel de conciencia e coñecemento do alumando sobre cuestións relativas á igualdade de xénero e a violencia machista.

Superamos os retos identificados na liña de base?

Reto identificado:

- Atinar coas técnicas adecuadas para traballar estes grandes temas tendo en conta dous hándicaps: o tempo das sesións é moi limitado; e abordar estes temas nas aulas poden derivar en situacións dominadas por susceptibilidades e conflitos.

Atalaia Social, responsable da elaboración da guía:

“As dinámicas utilizadas funcionaron, xerouse moito debate e descubriuse que non sabían nada de dereitos sexuais e reprodutivos. A metodoloxía utilizada foi activa para implicar ao alumnado na creación, e tamén foi socio-afectiva para traballar a nivel individual e grupal”

“Abordáronse nunha sesión os temas esperados, asumindo unha metodoloxía que comeza polo nivel macro para baixar até o micro: dende o marco legal- ODS e marco internacional, normativa española en materia de violencia machista-, até a vulneración dos dereitos sexuais e reprodutivos no estado Español a través da reprodución da violencia obstétrica”

● IOV-1.3. 100 exemplares da guía metodolóxica impresa.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación de ACPP

Entre febreiro e marzo de 2021 imprimíronse 200 exemplares da guía “En deuda con todas”

● IOV-1.4. Ao finalizar o proxecto, presentadas, cando menos, tres recensións sobre a guía.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Entre febreiro e maio e en setembro e novembro de 2021 a guía “En deuda con todas” foron presentadas tres recensións: Consellería de Educación, Aulas Galegas e Nova Escola Galega.

● **IOV-1.5. Ao finalizar o proxecto, cando menos, unha presentación da guía nun encontro de profesorado.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

En outubro de 2021 a guía “En deuda con todas” foi presentada nun encontro de “O Globo”, un proxecto de Solidariedade Internacional Galicia.

● **IOV-1.6. No remate do proxecto, cando menos seis centros de secundaria solicitan formación para traballar a guía.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

O proxecto Elas deciden 2020 viviu os momentos máis convulsos da crise sanitaria; de aí que as dificultades para conseguir participación foran palpables. Este contexto complexo derivou na solicitude dunha prórroga para a execución do proxecto. Deste xeito, houbo parte das actividades que confluíron co período de execución de Elas deciden 2021.

No marco deste indicador, a coordinación do proxecto decidiu derivar parte das solicitudes dos centros de secundaria á anualidade 2021. Así, entre ambas anualidades alcanzouse o obxectivo: seis centros educativos de secundaria solicitan a formación para traballar a guía: IES Xulián Magariños de Negreira, IES Laxeiro de Lalín, IES de Brión, IES Antón Losada da Estrada, IES de Ames e IES de Milladoiro.

● **IOV-1.7. 50% dos centros que solicitaron formación (3 de 6) pertencen á Rede de Escolas Sen Racismo (ESR).**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Na mesma liña que no indicador anterior, a coordinación do proxecto decidiu derivar parte das solicitudes dos centros de secundaria á anualidade 2021. Así, entre ambas anualidades alcanzouse o obxectivo: seis centros educativos de secundaria solicitan a formación para traballar a guía, e os seis centros pertencen á Rede de Escolas Sen Racismo (ESR): IES Xulián Magariños de Negreira, IES Laxeiro de Lalín, IES de Brión, IES Antón Losada da Estrada, IES de Ames e IES de Milladoiro.

● **IOV-1.8. No remate do proxecto, polo menos 6 centros participan nas sesións formativas sobre a guía metodolóxica.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Na mesma liña que nos indicadores anteriores, a coordinación do proxecto decidiu derivar parte das solicitudes dos centros de secundaria á anualidade 2021. Así, entre ambas anualidades alcanzouse o obxectivo: realizouse unha sesión formativa en cada un dos seis centros educativos de secundaria solicitan a formación para traballar a guía, e os seis centros pertencen á Rede de Escolas Sen Racismo (ESR): IES Xulián Magariños de Negreira, IES Laxeiro de Lalín, IES de Brión, IES Antón Losada da Estrada, IES de Ames e IES de Milladoiro.

● **IOV-1.9. No remate do proxecto, o alumnado que participa incrementa os seus coñecementos sobre dereitos sexuais e reprodutivos, violencia obstétrica, despenalización do aborto e educación sexual e afectiva.**

Fontes de información do traballo de campo: Entrevista a Atalaia Social, aliada encargada da elaboración da guía e revisión de documentación (Guía en Deuda con Todas)

O alumnado que participou nas sesións de monitoreo da guía melloraron os seus coñecementos, en tanto que se achegaron a estes temas. O proceso de teste espertou a súa atención, xerou interese por saber máis.

Grupos mixtos: que diferenzas existen entre as rapazas e os rapaces?

Nas aulas percibiuse que as rapazas son as que mostran maioritariamente máis atención e interese. Elas séntense interpeladas por este tema, e pola súa banda, eles mostraron en ocasións resistencias. Por isto é positivo traballalo en grupos mixtos, para fomentar a implicación dos rapaces.

Cuestións transversais: enfoque decolonial e feminista

Nas aulas mostráronse certos prexuízos que foron desmontados a partir do traballo realizado na guía. En xeral, as temáticas abordadas foron identificadas como cuestións que afectan á poboación dos países do sur. Así mesmo, fíxose palpable a necesidade de incorporar a mirada feminista decolonial.

2.2 Parada R2

O que se planificou

Resultado 2

Fortalecidas as capacidades de axentes chave no ámbito da cooperación internacional con enfoque de xénero.

Indicadores:

IOV-2.1. Publicadas, cando menos, dúas recensións sobre a guía metodolóxica.

IOV-2.2. Presentada, cando menos, a guía metodolóxica en dous espazos estratéxicos.

IOV-2.3. Realizada enquisa para a coordinación sobre a formación.

IOV-2.4. Editados e distribuídos 20 cartaces sobre a formación.

IOV-2.5. Ao finalizar o proxecto, realizada formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e xénero”.

IOV-2.6. No remate do proxecto, 20 persoas – 60% delas mulleres – participan da formación.

IOV-2.7. Á finalización a formación, polo menos o 70% das persoas que participan na formación consideran que adquiriron ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise e a intervención no ámbito do desenvolvemento e a cooperación internacional dende un enfoque feminista decolonial

IOV-2.8. Ao finalizar o proxecto, realizada sistematización sobre a formación.

O que se fixo

Consideracións xerais de partida




Os retos identificados na liña de base eran...

Unha formación coidadosa...








- Ponse o foco en garantir que a formación sexa accesible, e que polo tanto acertar a nivel de horarios e tempos, sendo conscientes de que os ritmos de traballo neste sector son complicados. Por isto se aposta por un formato híbrido entre o presencial e virtual: a idea é que sexan 20h de formación, das cales 12 serán presenciais combinados con encontros virtuais de 3h cada un.
- Apúntase a necesidade dos coidados dende outros planos, xa que se trata dunha formación “que nos vai tocar a nivel persoal e profesional, traballaremos cousas que nos removerán”.

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

-  Indicador conseguido
-  Indicador conseguido parcialmente
-  Indicador non traballado

Cadro resumo

| Logro | Indicadores |
|---|---|
|  | IOV-2.1. Publicadas, cando menos, dúas recensións sobre a guía metodolóxica. |
|  | IOV-2.2. Presentada, cando menos, a guía metodolóxica en dous espazos estratéxicos. |
|  | IOV-2.3. Realizada enquisa para a coordinación sobre a formación. |
|  | IOV-2.4. Editados e distribuídos 20 cartaces sobre a formación. |
|  | IOV-2.5. Ao finalizar o proxecto, realizada formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e xénero”. |
|  | IOV-2.6. No remate do proxecto, 20 persoas – 60% delas mulleres – participan da formación. |
|  | IOV-2.7. Á finalización a formación, polo menos o 70% das persoas que participan na formación consideran que adquiriron ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise e a intervención no ámbito do desenvolvemento e a cooperación internacional dende un enfoque feminista decolonial. |

Análise

● **IOV-2.1. Publicadas, cando menos, dúas recensións sobre a guía metodolóxica.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Entre maio e xullo de 2021 a guía “En deuda con todas” foron presentadas tres recensións: Boletín ACPP, web da Coordinadora Galega de ONGD e no Colexio Profesional de Educación Social (CEESG).

● **IOV-2.2. Presentada, cando menos, a guía metodolóxica en dous espazos estratéxicos.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Entre maio e xullo de 2021 a guía “En deuda con todas” foron presentadas en dous espazos estratéxicos: UDC no Seminario de Agareso -Seminario de comunicación social e cooperación internacional- e na Casa das Mulleres Xohana Torres do Concello de Santiago de Compostela.

● **IOV-2.3. Realizada enquisa para a coordinación sobre a formación.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Entre setembro e novembro de 2020 realizouse unha enquisa ás persoas interesadas na formación para valorar intereses e preferencia horaria.

A partir dos resultados desta enquisa a formación foi deseñada dun modo híbrido, en dúas sesións presenciais e dúas sesións virtuais.

● **IOV-2.4. Editados e distribuídos 20 cartaces sobre a formación.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Realizouse edición e distribución de cartaces sobre a formación, tanto de maneira física (15) como dixital.

● IOV-2.5. Ao finalizar o proxecto, realizada formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e xénero”.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación, entrevista con persoal de ACPP, documento de sistematización da formación, formulario que se pasou ás persoas que participaron na formación e redes sociais de ACPP

Entre abril e maio de 2021 realizouse a formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e enfoque de xénero” para procurar fortalecer as capacidades de axentes chave (persoas traballadoras e voluntarias de ONGDS, principalmente) dotándoas de ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise e a intervención no ámbito do desenvolvemento e a cooperación internacional dende un enfoque feminista decolonial de cara a multiplicar as aprendizaxes adquiridas nos seus espazos de traballo e intervención.

Como se difundiu este indicador no marco do proxecto?

Difusión da formación

Imaxe que acompaña a publicación e difusión da formación no anexo 1

Como valoraron as participantes a formación recibida?

A partir da análise do cuestionario que se pasou ás persoas que acudiron á formación expoñemos os resultados dos seguintes ítems. Como observamos en todos eles a valoración de todas as cuestións é moi positiva. Por exemplo, destacan cuestións como a duración e formato da formación, unha cuestión que preocupaba no inicio do proxecto e obtivo bos resultados.

Valoración do formato da formación recibida:

- 45,5% ben valorada
- 54,5% moi ben valorada

Valoración da duración da formación (20h) e da xestión dos tempos:

- 27,3% ben valorada
- 72,7% moi ben valorada

Valoración das persoas formadoras:

- 9,1% suficiente satisfeitas
- 9,1% moi satisfeitas
- 81,8% totalmente satisfeitas

Adaptación das formadoras ás expectativas do curso:

- 9,1% suficiente adaptación
- 9,1% moita adaptación
- 81,8% totalmente de adaptación

Nivel de satisfacción coa entidade organizadora:

- 18,2% moita satisfacción
- 81,8% totalmente de satisfacción

A nivel xeral, o nivel de satisfacción coa formación foi:

- 9,1% suficiente satisfacción
- 9,1% moita satisfacción
- 81,8% totalmente de satisfacción

● IOV-2.6. No remate do proxecto, 20 persoas – 60% delas mulleres – participan da formación.

Fontes de información do traballo de campo: Documento de sistematización da formación e formulario de inscrición da formación.

A formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e enfoque de xénero” contou con 11 participantes, das cales unha delas era un home e outra persoa non quixo dicir o seu xénero. As persoas contan cunha interese pola formación vinculada en maior medida a motivos laborais e profesionais (9 persoas) e aos activismos (8 persoas).

● IOV-2.7. Á finalización a formación, polo menos o 70% das persoas que participan na formación consideran que adquiriron ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise e a intervención no ámbito do desenvolvemento e a cooperación internacional dende un enfoque feminista decolonial.

Fontes de información do traballo de campo: Formulario que se pasou a participantes ao finalizar a formación e entrevista realizada a “Otra Escuela” a entidade que desenvolveu a formación

A gran maioría das persoas participantes resaltan no cuestionario que o seu nivel de coñecementos aumentou considerablemente e a súa satisfacción coas ferramentas conceptuais e metodolóxicas utilizadas.

Como valoraron as participantes a formación recibida?

A partir da análise do cuestionario que se pasou ás persoas que acudiron á formación expoñemos os resultados dos seguintes ítems. En xeral observamos que os resultados son moi favorables, concretamente todo o que ten que ver coa metodoloxía é moi destacado. Os elementos que teñen unha valoración lixeiramente menos positiva teñen que ver cos contidos ou coa adecuación da formación ao ámbito da cooperación ou a educación ao desenvolvemento (o 9,1% considera que foi “suficiente útil”).

A formación mellorou o nivel de coñecemento sobre a perspectiva decolonial e o enfoque de xénero:

- 54,5% Mellorounos moito
- 45,5% Mellorounos totalmente

A formación resultou útil para o seu traballo no eido da cooperación e a educación ao desenvolvemento:

- 9,1% Resultou suficiente útil
- 45,5% Resultou moi útil
- 45,5% Resultou totalmente útil

Os contidos axustáronse ás súas expectativas e intereses previos:

- 9,1% Axustáronse o suficiente
- 45,5% Axustáronse moito
- 45,5% Axustáronse totalmente

O nivel de satisfacción cos contidos da formación:

- 9,1% Suficiente
- 45,5% Moito
- 45,5% Totalmente

A metodoloxía empregada favoreceu a súa adquisición de contidos:

- 27,3% Favoreceu moito
- 72,7% Favoreceu totalmente

A metodoloxía empregada estimulou a participación e o debate colectivo:

- 18,2% Estimulou moito
- 81,8% Estimulou moito

O material empregado, documentos de apoio e referencias resultáronlle pertinentes:

- 18,2% Suficiente pertinentes
- 18,2% Moi pertinentes
- 63,6% Totalmente pertinentes

A nivel xeral, o seu nivel de satisfacción coa metodoloxía utilizada foi:

- 36,4% Moi satisfeitas
- 63,6% Totalmente satisfeitas

Como valoraron as formadoras a formación impartida?

Sobre a metodoloxía...

- Traballouse desde unha metodoloxía vivencial, socioafectiva. Isto implica partir de integrar no corpo as distintas aprendizaxes, e non quedarse con elas unicamente nun plano intelectual.
- Partiuse dunha forma ampla de facer educación, onde se introduciron elementos da educación popular, do teatro do oprimido así como distintas linguaxes artísticas.
- Unha parte importante do proceso formativo foi o coidado do grupo, o que supuxo deseñar e redeseñar a metodoloxía en función do grupo. Esta enfoque de traballo garantiu un enfoque de coidados para desmontar as correccións políticas, e os discursos aprendidos dende un nivel máis profundo.

Sobre as participantes...

- Houbo moita reflexión, dúbidas, frustración... claramente medos, e curiosidade. Foi moi poderoso.

Sobre o espazo...

- Foi grato, formou parte do grupo. Xerouse un tempo para xantar xuntas, son parte dos efectos que ten a formación.

Sobre a implementación...

Entrevista a "Otra Escuela"

"Compartimos e ao ser progresivo vanse notando as distintas emocións fronte á expectativa, foise traballando a confianza até un punto no que a vulnerabilidade tamén forma parte deste proceso de desenvolvemento"

Deuse resposta a ese enfoque innovador que representou o traballar dende o interseccional e decolonial...

A formación foi innovadora na medida en que se misturaron o enfoque da interseccionalidade e decolonial cunha metodoloxía participativa e vivencial.

Entrevista a "Otra Escuela"

"Supuxo innovación, xa que "non había experiencias previas de achegarse a estes conceptos desde o lugar que ocupa cada quen no mundo, desde as súas experiencias de traballo en relación coa cooperación"

Deuse resposta a que a formación abraza unha pequena fiestra para a transformación...

Entrevista a "Otra Escuela"

"Si, xerouse un espazo onde se fixeron preguntas, cuestionaron os propios roles, o traballo que realizan"

Aprendizaxes e retos de futuro...

Entrevista a "Otra Escuela"

"Estaría ben xerar un tecido entre os distintos equipos que estamos traballando, crear máis redes con outras profesionais que participan no proxecto. Hai que pór a mirada noutros proxectos que están aplicando a mirada decolonial, seguir achegándonos e escoitándonos é fundamental"

Superamos os retos identificados na liña de base?

Deuse resposta ao feito de que fora unha formación coidadosa...

Os coidados situáronse no centro da formación (da programación de contidos, na construción e mantemento do grupo, no proceso, na metodoloxía e nas dinámicas) a través da confianza, da comunicación, da toma de conciencia da vulnerabilidade de cadaquén e da idea de ir suavemente para adaptarse aos ritmos de todas e todos.

Entrevista a "Otra Escuela"

"Os coidados están nesa progresión, e que os traballos realizámoslos a través de exercicios e dinámicas, o que permite que a xente poda atravesalas polo corpo e poña a súa vulnerabilidade no centro"

Conectamos coas conclusións que arroxa a liña de base...

En xeral a formación visibilizou medos e resistencias, trátase dun tema que crea frustración, xa que se abre un escenario onde se da luz aos privilexios que se ocupan.

O obxectivo das formadoras non foi crear un espazo de verdades ou de respostas absolutas, senón espertar unha tónica de cuestionar e de pensar. Para logralo

levouse a cabo un espazo de autoavaliación individual e colectivo onde se manifestaron diversas cuestións.

A idea que se trasladou foi a de iniciar un proceso de transformación dende un punto de vista profundo, onde esta formación supuxo un primeiro paso.

Entrevista a “Otra Escuela”

“Valoramos bastante positivo o traballo feito. O enfoque do curso é partir da afirmación de que a cooperación, en si, parte de reproducir lóxicas coloniais. Este é un punto de partida para comezar a indagar dunha forma máis profunda sobre como se reproducen as lóxicas coloniais no traballo cooperativo”

A boa coordinación con ACP

As formadoras percibiron moi boa relación, a xestión foi moi grupal e positiva.

● IOV-2.8. Ao finalizar o proxecto, realizada sistematización sobre a formación.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación, entrevista con persoal de ACP, documento de sistematización da formación

Ao finalizar o proxecto “Otra Escuela” elabora o documento de sistematización sobre a formación “Cooperación para a transformación social: decolonialismo e enfoque de xénero”. Neste documento expóñense os seguintes apartados: presentación, obxectivos, metodoloxía, contidos, entidade formadora, recollida (onde se expoñen as principais achegas) e dinámicas utilizadas.

2.3 Parada R3

O que se planificou

Resultado 3

Contribuído á sensibilización e incidencia social e política.

Indicadores:

IOV-3.1. Realizada unha charla aberta cunha muller activista de El Salvador.

IOV-3.2. Realizadas, cando menos, tres xuntanzas con titulares de obrigas e muller activista de El Salvador.

IOV-3.3. Ao finalizar o proxecto, cando menos tres aparicións en medios de comunicación (TV, prensa escrita e radio).

IOV-3.4. Ao finalizar o proxecto, cando menos, catro proxeccións do documental.

IOV-3.5. No remate do proxecto, realizada actividade de incidencia con motivo do 28 de setembro.

O que se fixo

Consideracións xerais de partida

Os retos identificados na liña de base eran...

Sobre sensibilización: Non hai retos, senón unha gran oportunidade




- “En ACPP levamos tempo traballando en materia de dereitos sexuais e reprodutivos, pero se cadra faltounos a escusa para sentarnos con colectivos feministas. O documental ten un valor por si mesmo, e é a oportunidade para chegar a elas”.

Sobre incidencia política: Non hai retos, senón unha oportunidade de abrir novas portas...






- “Este proxecto supón abrir unha porta nova a novos axentes políticos, isto é unha oportunidade. Vai xerar moitas posibilidades de dialogo”.

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

-  Indicador conseguido
-  Indicador conseguido parcialmente
-  Indicador non traballado

Cadro resumo

| Logro | Indicadores |
|---|---|
|  | IOV-3.1. Realizada unha charla aberta cunha muller activista de El Salvador. |
|  | IOV-3.2. Realizadas, cando menos, tres xuntanzas con titulares de obrigas e muller activista de El Salvador. |
|  | IOV-3.3. Ao finalizar o proxecto, cando menos tres aparicións en medios de comunicación (TV, prensa escrita e radio). |
|  | IOV-3.4. Ao finalizar o proxecto, cando menos, catro proxeccións do documental. |
|  | IOV-3.5. No remate do proxecto, realizada actividade de incidencia con motivo do 28 de setembro. |

Análise

● IOV-3.1. Realizada unha charla aberta cunha muller activista de El Salvador.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e revisión das redes sociais

O 5 de novembro realizouse “Voces de El Salvador: encontro con activistas feministas” na Casa de Mulleres Xohana Torres do Concello de Santiago de Compostela, onde participaron Mercy Mulato (periodista, comunicadora, feminista e defensora de dereitos humanos), Jenifer Alisson Serrano Rivas e Yesesina e Karmelina Martínez Ayala (cantantes, compositoras de hip e hop e activistas como integrantes da colectiva Hip Hop en feminino El Salvador)

Como se difundiu este indicador no marco do proxecto?

Difusión do encontro

Imaxe que acompaña a publicación e difusión do encontro no anexo 1

● IOV-3.2. Realizadas, cando menos, tres xuntanzas con titulares de obrigas e muller activista de El Salvador.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación.

Entre setembro e novembro de 2021 realizáronse tres xuntanzas con titulares de obrigas e as mulleres activistas de El Salvador con persoas responsables da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e da Unión Europea (DXRE e UE), da Secretaría Xeral de Igualdade, do Consello Municipalista e da Deputación de Lugo.

Superamos os retos identificados na liña de base?

“Este proxecto supón abrir unha porta nova a novos axentes políticos, isto é unha oportunidade. Vai xerar moitas posibilidades de diálogo”.

Houbo tres espazos de diálogo estratéxicos no ámbito da administración autonómica.

● IOV-3.3. Ao finalizar o proxecto, cando menos tres aparicións en medios de comunicación (TV, prensa escrita e radio).

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación (informe de comunicación) e entrevista a Xiana Iglesias, responsable de comunicación do proxecto.

Ao longo do proxecto, producíronse numerosas aparicións en medios de comunicación, que superaron as tres aparicións establecidas neste indicador:

- **Prensa escrita:** 11 novas publicadas en diferentes medios (Faro De Vigo edición Deza-Tabeirós, Xornal Da Mariña, La Voz De Galicia, Galiciapress, O Sil, A Mariña Xa, Entre Nós, Noticias Vigo, Lugo Xornal e Viva Lugo) e 1 entrevista á activista salvadoreña Mercy Mulato no x El Progreso.
- **Radio:** 5 entrevistas (2 en Voces do Deza de Radio Voz, 1 en Hoy Por Hoy Lugo de Ser Radio, 1 en Hoy Por Hoy Santiago de Ser Radio e 1 en Ser Lugo)
- **Televisión:** 1 entrevista a Queen en Zigzag Diario, CRTVG.

Tal e como se recolle no informe de comunicación: “A prensa, a radio e a televisión de ámbito galego foron outros dos focos a abordar dentro da estratexia de comunicación.”

Neste senso, os medios empregáronse fundamentalmente para difundir as actividades desenvolvidas polo proxecto e amplificar o seu alcance. Así mesmo, tamén se realizou un forte traballo en medios relacionado coa visita das activistas feministas de El Salvador dando visibilidade á súa experiencia e traxectoria no activismo, ás súas ferramentas de mobilización e incidencia política co obxectivo de sensibilizar á sociedade.

A este respecto, cabe destacar as impresións reflexadas por Xiana no informe de comunicación nas que sinala que: *“Unha comparativa do tipo de medios revela que a radio resultou ser moi receptiva (elevada adaptación á actualidade), seguida dos xornais (con cabida en seccións de cultura, movementos sociais, sociedade, etc.) e por último a televisión, con poucos ou nulos espazos para a cobertura deste tipo de informacións.”*

● IOV-3.4. Ao finalizar o proxecto, cando menos, catro proxeccións do documental.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevistas a colectivos feministas: O Colectivo Mariñas, Grupo Feministas de Catoira e o Colectivo Rural Mutante.

Entre abril e xullo de 2021 realizáronse catro presentacións do documental “En deuda con todas” en Betanzos, Foz, A Veiga, Lalín, Manzaneda e Catoira e en coordinación cos seguintes colectivos: Colectivo Feminista Mariñas, Observatorio da Mariña pola Igualdade, Azos Feministas e Colectivo Rural Mutante.

Como se difundiu este indicador no marco do proxecto?

Difusión da presentación nas redes sociais

Imaxe que acompaña a publicación e difusión das proxeccións no anexo 1

Nivel de participación nas presentacións

| Presentación, colectivo | Nº de participantes |
|----------------------------------|---|
| Betanzos, As Mariñas | Entre 20 e 30 persoas |
| Catoira, Feministas de Catoira | 12 persoas, das cales 10 eran do propio colectivo |
| A Veiga, Colectivo Rural Mutante | Arredor de 10 persoas |

Impacto nos activismos do rural

Todas as proxeccións do documental realizáronse no ámbito rural da man de colectivos activistas feministas. Recollemos relatos destes colectivos para ilustrar o impacto desta actividade no rural galego.

Entrevista a “Colectivo das Mariñas”

“Desde o colectivo considérase fundamental levar ao rural actividades deste estilo, pois as achegas culturais son escasas as máis das veces. Nestes momento, hai moitas mulleres na zona rural que están facendo loita, é importante achegarse a elas”

Entrevista a “Feministas de Catoira”

“Sobre do rural, é fundamental chegar ás mulleres que o habitan, precisamente pola falta de recursos que existen neste entorno. No rural hai menos oportunidades para poder interromper o embarazo, mesmos houbo asistentes que deron conta das súas propias experiencias abortando con métodos pouco recomendables a nivel de saúde. Nas vilas fan falla máis actuacións nesta liña”

Entrevista a “Colectivo Rural Mutante”

“Ao final o carto público non está chegando ao rural porque as entidades e organizacións moitas veces non nos contemplan como escenario de traballo. Quedan nas cidades, ás máis das veces por comodidade e proximidade, non porque haxa máis necesidade na cidade, ou porque non faga falla no rural. Quedamos lonxe, pero aínda que sexamos poucas, tamén temos dereito a que as cousas cheguen”

Posibles redes entre as realidades dos dereitos sexuais e reprodutivos no Norte e no Sur

As mulleres entrevistadas dos colectivos faláronnos sobre alianzas e sobre intereses que se despertaron sobre os dereitos sexuais e reprodutivos e sobre a realidade das mulleres dos países do sur.

Entrevista a "Colectivo das Mariñas"

"A xente que está en contacto co colectivo amosou interese na actividade e despois da proxección continuouse ao tanto das novas que foron saíndo.

Algunhas das mulleres que sae no documental saíron do cárcere, seguiu a información que aparece no documental. Un dos obxectivos do colectivo é a autoformación, e neste sentido cumpriu as expectativas enormemente"

Entrevista a "Feministas de Catoira"

"Entre as reflexións chegouse á conclusión de que estamos ante un tema moi político, e isto deu forzas para valorar a importancia de que existan colectivos de mulleres organizados para exercer control sobre a política, pois en calquera momento poden legislar contra os dereitos das mulleres"

Reflexións dende os activismos con perspectiva decolonial

Nas conversas que tivemos cas mulleres dos colectivos feministas do rural xurdiron diferentes reflexións con perspectiva decolonial. Así, as tres entrevistadas aludían á necesidade deste tipo de actividades para fomentar o traballo persoal de recoñecemento de privilexios e o fomento da empatía e a escoita.

Entrevista a "Colectivo das Mariñas"

"E ademais é importante escoitar. O problema do feminismo europeo, autodenominado occidental, é que nos comportamos coma se tiveramos a verdade. É unha posición colonial. Por iso é tan importante ver e escoitar a loita doutras compañeiras porque podemos aprender moito delas, hai que escoitar e colaborar"

Entrevista a "Feministas de Catoira"

"É un documental dun país doutra punta do mundo, pero ao final é unha realidade que nos pode pasar aquí. É un espello no que mirarse"

Entrevista a "Colectivo Rural Mutante"

"O visionado do documental puxo enriba da mesa a necesidade de revisar os privilexios que temos como mulleres do Norte, unha análise que non se está xerando o suficiente. Estamos nas trincheiras, cada quen na súa posición e resulta necesario saír e falar, analizar que posición ocupas no mundo"

A boa coordinación con ACPP

Os colectivo valoran moi positivamente a coordinación da actividade por parte de ACPP. Valórase toda a xestión, e sobre todo, a iniciativa de levalo ao contexto rural malia as dificultades de participación que existen de base neste contexto e acrecentadas pola pandemia.

Entrevista a “Colectivo das Mariñas”

Valórase moi positivamente a colaboración con ACPP e volverían participar nunha actividade proposta nesta liña ou noutra, sempre acorde aos obxectivos do colectivo. Neste sentido, consideran que a pandemia complica a situación, pero coñecerse e saber que hai outras entidades ou asociacións é positivo, que en determinados temas ou actividades podemos colaborar; que a sociedade civil se relacione é moi interesante.

Entrevista a “Feministas de Catoira”

En relación á colaboración con ACPP consideran que foi moi positiva, e o trato coa educadora responsable do proxecto marabilloso. En canto a alianzas futuras, nesta liña veno posible, e a nivel de difundir as actuacións e proxectos de ACPP pero non unha implicación maior, pois ao non ter moita capacidade económica vén máis difícil outro tipo de actuacións.

Entrevista a “Colectivo Rural Mutante”

En relación á colaboración con ACPP consideran que foi moi positiva e destacan que teñen interese en continuar colaborando en actividades deste tipo ou noutras que encaixen cos seus principios. En todo caso, o maior problema para esta colaboración débese á estrutura fráxil do propio colectivo, que en ocasións dificulta a posibilidade de tecer unha rede de relacións máis estable.

Superamos os retos identificados na liña de base?

Sobre sensibilización: Non hai retos, senón unha gran oportunidade

“En ACPP levamos tempo traballando en materia de dereitos sexuais e reprodutivos, pero se cadra faltounos a escusa para sentarnos con colectivos feministas. O documental ten un valor por si mesmo, e é a oportunidade para chegar a elas”.

O traballo desenvolvido neste resultado supuxo un punto de inflexión para tecer unha rede de traballo con entidades feministas, especialmente do rural.

● **IOV-3.5. No remate do proxecto, realizada actividade de incidencia con motivo do 28 de setembro.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación

Entre xuño e setembro de 2021 realizouse a formación “Emocións, corpos e sexualidades: unha viaxe de atocoñecemento e aprendizaxes a través da fotografía”. Foi unha formación en liña liderada por Ffotoeduca entre o 24 de agosto ao 28 de setembro. A actividade foi dirixida con preferencia para persoas que se identifican como mulleres, tanto de Galicia como El Salvador e impartíuse en liña todos os martes, en horario de 19:00 - 20:30 (Galicia) e 09:00 - 10:30 (El Salvador).

Como se difundiu este indicador no marco do proxecto?

Difusión do encontro

Imaxe que acompaña a publicación e difusión do encontro no anexo 1

2.4 Parada R4

O que se planificou

Resultado 4

Fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

Indicadores:

IOV-4.1. Cando menos, unha muller activista de El Salvador participa no proceso de coordinación.

IOV-4.2. Durante a execución do proxecto, realizado seguimento do mesmo.

IOV-4.3. Elaborada liña de base.

IOV-4.4. Realizado plan de comunicación.

IOV-4.5. Realizada campaña en redes sociais.

IOV-4.6. No remate do proxecto, aumentado en 50 persoas seguidoras do perfil de Instagram.

IOV-4.7. Ao finalizar o proxecto, realizada avaliación externa do proxecto.

O que se fixo

Consideracións xerais de partida

Os retos identificados na liña de base eran...

Unha comunicación coidada




- Ponse a mirada nos límites da comunicación, "...o reto é que a comunicación non pase por encima do que facemos, que por comunicar e que teñamos máis movementos nas redes nos esquezamos de cousas que como ONGD non podemos pasar por encima delas".

Unha comunicación responsable








- Apúntase cara a responsabilidade en termos da imaxe, do imaxinario que se constrúe sobre as mulleres do sur, "...é moi complicado non caer nesa imaxe paternalista de mulleres do sur, e ao mesmo tempo non trasladar as mulleres indíxenas son heroínas".

Análise dos indicadores

Lenda para os indicadores:

-  Indicador conseguido
-  Indicador conseguido parcialmente
-  Indicador non traballado

Cadro resumo

| Logro | Indicadores |
|---|--|
|  | IOV-4.1. Cando menos, unha muller activista de El Salvador participa no proceso de coordinación. |
|  | IOV-4.2. Durante a execución do proxecto, realizado seguimento do mesmo. |
|  | IOV-4.3. Elaborada liña de base. |
|  | IOV-4.4. Realizado plan de comunicación. |
|  | IOV-4.5. Realizada campaña en redes sociais. |
|  | IOV-4.6. No remate do proxecto, aumentado en 50 persoas seguidoras do perfil de Instagram. |
|  | IOV-4.7. Ao finalizar o proxecto, realizada avaliación externa do proxecto. |

Análise

● IOV-4.1. Cando menos, unha muller activista de El Salvador participa no proceso de coordinación.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPD

Este indicador fai referencia á inclusión no proceso de coordinación e definición do proxecto que xestiona o equipo de ACPD de entidades contrapartes de El Salvador. Neste senso, incidíase especialmente na participación no proceso de toma de decisións daquelas mulleres que viaxaron a Galicia desde o sur coa finalidade de que non fosen meras receptoras ou executoras de actividades senón que participasen activamente e de maneira horizontal en todas aquelas cuestións relacionadas coas accións das que formaron parte.

Valoramos este indicador como conseguido xa que ao longo do proxecto o equipo de ACPD contou para a coordinación das diferentes accións e actividades do proxecto con entidades contrapartes de El Salvador, concretamente con Mayra Bolaño (Ormusa) e Morena Herrera (Colectiva Feminista), as cales colaboraron activamente na campaña Dezimos. Así mesmo, tamén participaron Mercy Mulato, Queen e Yezli Mic, as mulleres activistas de El Salvador que viaxaron a Galicia, participando no proceso de toma de decisións sobre as actividades nas que participaron.

Tal e como sinalou a responsable do equipo de ACPD, unha das cuestións que se consideraba máis importante era a coordinación e xestión horizontal coas mulleres do Sur no referente ás accións vinculadas á súa viaxe.

Neste senso, e para garantir a súa participación, mantivéronse cinco xuntanzas vía skype ademais de conversas por outras vías para preparar a viaxe. Así mesmo, esta participación activa no proceso de coordinación mantívose e incentivouse durante a súa visita, participando activamente na organización e toma de decisións sobre as accións. Esta participación estivo tamén presente no referente ás decisións sobre a comunicación do proxecto, existindo unha coordinación entre elas, a equipa de ACPD e a responsable da comunicación.

● IOV-4.2. Durante a execución do proxecto, realizado seguimento do mesmo.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación e entrevista con persoal de ACPP

Logo da revisión dos diferentes documentos facilitados pola equipa de ACPP así como da información obtida na entrevista que lles foi realizada, valórase que houbo un alto nivel de seguimento do proxecto. Para realizalo, empregáronse ferramentas diversas, como cronogramas de seguimento ou plans de traballo, e realizáronse múltiples reunións coas asistencias técnicas que participaron no proxecto.

● IOV-4.3. Elaborada liña de base.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación da LB e nós mesmas

A liña de base foi elaborada por Arabías S.Coop.Galega en xaneiro de 2021.

● IOV-4.4. Realizado plan de comunicación.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación (informe de comunicación) e entrevista con Xiana Iglesias, responsable da comunicación do proxecto, e persoal de ACPP

Desde o inicio do Elas deciden, o proxecto contou cun Plan de Comunicación, elaborado por Xiana Iglesias coas aportacións e traballo man a man coa equipa de Acpp. Tendo en conta que a compoñente comunicativa do proxecto era fundamental para este debido á súa vocación de sensibilización e incidencia social, podemos afirmar que o Elas deciden contou cun plan de comunicación estruturado e ben coordinado que posibilitou a consecución dos obxectivos para os que foi elaborado.

O desenvolvemento do plan de comunicación

A compoñente comunicativa e, por tanto, o plan de comunicación estivo presente ao longo de todo proxecto. Inicialmente estaba prevista entre o 1 de febreiro ata o 30 de setembro, tendo que prorrogarse ata finais de novembro por mor da ampliación do prazo de execución. A este respecto:

Raquel López, responsable do proxecto de ACPP:

“Incorporouse cando asinamos os contratos coas asistencias técnicas. En todos os contratos incorporamos un apartado de plan de traballo. Aí estableceuse un esquema moi básico de cal ían a ser os elementos comunicación, sobre que aspectos, e así. Logo elaboramos un documento en excel onde se recollían os

principais fitos e a temporalidade, e ese foi o esquema do que partimos. Despois, día a día fomos axeitando o mesmo ao desenvolvemento do proxecto empregando ferramentas operativas coma o Trello.”

Xiana Iglesias, responsable da comunicación:

“Houbo tamén unha estratexia xeral de comunicación na que se establecían diferentes aspectos relacionados coa comunicación e se marcaban as diferentes pautas do traballo co obxectivo de poder medir: persoas seguidoras, obxectivos, o público obxectivo, a estratexia recomendada, a mensaxe principal. Era un documento pequeno que se elaborou ao inicio do proxecto nas reunións iniciais partindo do documento excel elaborado por Raquel.”

As principais accións

- ➔ Difundir nos medios de comunicación as actividades do proxecto.
- ➔ Crear contidos propios en redes sociais para a visibilización e concienciación social sobre os dereitos sexuais e reprodutivos.
- ➔ Comunicar a visita a Galicia das activistas feministas salvadoreñas Mercy Mulato (Colectiva Feminista), Queen e Yezli MIC (Hip Hop en Femenino El Salvador), que tivo lugar fóra das datas límite de proxecto e requiriu a reactivación da actividade comunicativa de Elas deciden entre os días 22 de outubro e 30 de novembro.

A boa coordinación con ACPP

Xiana Iglesias, responsable da comunicación:

“Co Elas 2020 a coordinación da comunicación estaba bastante ben pensada desde o inicio por Raquel (ACPP) porque asociou os fitos principais que ía a ter o proxecto e que ían precisar esa dimensión máis comunicativa porque tiñan un aspecto público e temporalizounos. A raíz diso comezou o traballo que despois houbo que ir axustando á realidade do día a día do proxecto. Intentamos manter unha reunión mensual ela e eu así un pouco breve para comunicarnos e ver un pouco eses desaxustes que podía haber con respecto á planificación. A maiores facíase un informe mensual do que ía a resultando nas redes.”

Raquel López, responsable do proxecto de ACPP:

“Houbo esa vontade de coordinación desde un inicio. Logo si que non sempre como estaba previsto para poder adaptarnos á realidade. Así si que me gustaría dicir que si que foi súper doado e houbo moita flexibilidade por parte de Xiana sobre todo cando eran cambios imprevistos.”

Facer e saber comunicalo: a expectativa alén do indicador

- Na LB, identificouse como necesario fortalecer o traballo en comunicación da ONGD.

Raquel López, responsable do proxecto de ACPP:

“Eu penso que apostar pola comunicación e por que fose feita por unha profesional que sabe do tema e é quen de diversificar o modo no que se difunden as mensaxes e se chega á xente foi unha das fortalezas do proxecto.”

As aprendizaxes e os retos

Raquel López, responsable do proxecto de ACPP:

Retos:

- Para min a comunicación en si a través das redes sociais é un reto, necesitamos estar como entidade porque iso nos posiciona.
- Todo o que ten que ver coa comunicación, por velo desde fóra, vai como moi rápido. Ser quen de xestionar e responder a ese ritmo acelerado é un reto.
- Conseguir equilibrar a presenza de ACPP nas redes, non só do Elas deciden.

Aprendizaxes:

- Estar ben posionada é un valor engadido para a organización e iso podémolo extrapolar a outros proxectos. É algo que esixe tempo, dedicación, hai que saber facelo... Antes pensabamos que as redes sociais podían levalas calquera, e non, esixe coñecementos, experiencia, profesionalidade.
- Saber equilibrar as demandas que lles facemos aos colectivos do Sur. Podemos prevelo como un complemento pero non obrigatorio. Demandas vs desexos.

Xiana Iglesias, responsable da comunicación:

Retos:

- Conseguir equilibrar o Elas con respecto a outros proxectos de ACPP, que ao mellor teñen uns contidos que non son tan doados de transmitir.
- Ir explotando un pouco máis as redes e as posibilidades que cada unha ofrece e que son diferentes.
- Ir ampliando a base de audiencia que nutre as redes. Un dos retos poden ser valorar como traballar cos centros educativos tendo en conta que tampouco son moi activos.

Aprendizaxes

- Xestionar a nivel comunicativo un proxecto coma o Elas deciden que ten un nivel de contidos moi potente e esixente.
- Formatos que ata o momento en ACPP non se empregaban en redes, como son os vídeos, e que neste proxecto funcionaron moi ben. Xa o sabía mais constatei que ao final en redes o de ver as caras e que alguén a quen lle podes poñer unha cara e que está contando que fai, como se fai, etc., axuda moito a que se entendan, a que se humanice.

● IOV-4.5. Realizada campaña en redes sociais.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación (informe de comunicación) e entrevista con Xiana Iglesias, responsable da comunicación do proxecto

A campaña #Dezimos preparouse entre os meses de maio e xuño e publicouse en en redes nos meses de agosto e setembro.

O obxectivo fundamental da campaña era, ademais de dar a coñecer os dereitos sexuais e reprodutivos, amosar outras experiencias e iniciativas de camiñan neste sentido de cara a visibilizalas e entrar en contacto de cara futuras alianzas.

A campaña realizouse en base a fotomontaxes das persoas elixidas e os textos coas súas propostas. Nela participaron mulleres e colectivos que verbalizaron propostas, accións ou “boas prácticas” na consecución dos dereitos sexuais e reprodutivos.

Tal e como se recolle no informe de comunicación, a campaña precisou redefinirse debido ao resultado irregular nos contactos coas entidades coas que se quixo colaborar. Estaba previsto involucrar a 10 mulleres/colectivos verbalizando propostas, accións ou “boas prácticas” na consecución dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos, tendo 10 fotomontaxes como material para publicar en redes. Porén, logo dos contactos iniciais con mulleres e colectivos, foi necesario modificar a campaña ao contar só con dúas colectivas de El Salvador que accederon a participar.

Unha vez redefinida a campaña realizáronse entrevistas online a Mayra Bolaño (Ormusa) e a Morena Herrera (Colectiva Feminista), editouse o material gravado, montando 6 pezas audiovisuais que se lanzaron en rede entre o 20 de xullo e o 5 de agosto.

O resultado da campaña foi irregular, atribuíndose iso por parte do equipo ao comezo do período vacacional e a unha menor interacción en xeral no perfil de ACPP Galicia.

Reflexións sobre este indicador

Raquel López, responsable do proxecto de ACPP:

Para min unha das aprendizaxes do proxecto foi o referente ás demandas que lle facemos aos colectivos do Sur. Podemos prevelo como un complemento pero non obrigatorio. Temos que saber equilibrar as demandas/desexos que temos coa realidade dos colectivos cos que traballamos, os cales teñen a súa propia axenda.

● IOV-4.6. No remate do proxecto, aumentado en 50 persoas seguidoras do perfil de Instagram.

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación (informe de comunicación) e entrevista con Xiana Iglesias, responsable da comunicación do proxecto

Tal e como se indica no informe de comunicación e no informe de redes, en Instagram a comunidade medrou desde as 247 ás 369 contas. Isto é, aumentou en 122 persoas. Cabe sinalar que este aumento tamén se produciu en Facebook, onde se pasou de 1364 seguidoras a 1459, aumentando en 95 as persoas seguidoras.

Os fitos da comunicación en redes sociais

- ➔ Superouse o número de publicacións semanais acordadas referidas ao proxecto (1 semanal). En total, fixéronse 67 publicacións e 25 stories, resultando unha media de 1,8 publicacións semanais ao longo do 8+1 meses de comunicación.
- ➔ Outros dos parámetros para medir o éxito en redes sociais son o alcance e as interaccións.
 - Produciuse un aumento do alcance sobre todo en Instagram. Esta rede social permitiu desenvolver unha estratexia de hashtags que facilitou que as publicacións chegasen a público novo potencialmente interesado nos contidos de ACPG Galicia.
 - En canto á interacción (gostos/emocións, compartir, gardar ou comentar), en ambas redes tamén se percibiu un ascenso en liñas xerais.
- ➔ A difusión da visita a Galicia das voceiras do activismo feministas salvadoreño tivo un impacto considerable en redes: chegouse a marcas significativas, entre as que destacan:
 - Publicación en Instagram do 11 de novembro de vídeo de promoción do encontro de Artivismos con Yezli MIC e Queen como protagonistas (60 gostos e 23 visitas ao perfil, moitas delas desde El Salvador)
 - Publicación en Facebook da entrevista a Queen e Alejandro Quiñoá no programa ZiG Zag Diario d CRTVG, que obtivo 43 gostos, 3 comentarios e foi 2 veces compartida.

Outros obxectivos da comunicación en redes sociais

➔ Aumentar a interacción coas publicacións de ACPP Galicia.

Raquel, responsable do proxecto de ACPP:

“Si se conseguiu o obxectivo de aumentar a base e o impacto comunicativo de ACPP e temos datos relacionados coas estatísticas onde podemos verificar que foi así. Foi un aumento evidente de persoas seguidoras, de interaccións con respecto a antes de ter realizado o proxecto. Estamos conseguindo que xente chegue ás actividades a través das redes e non a través doutras vía máis tradicionais como carteis. Iso estamos a notalo porque nas actividades aparecen persoas que chegan . Conseguiuse mellorar o posicionamento de ACPP a nivel comunicativo.”

➔ Crear contidos propios sobre Dereitos Sexuais e Reprodutivos.

No marco do proxecto realizouse unha publicación explicativa dos dereitos sexuais e reprodutivos o 3 de marzo, obtendo un bo resultado en redes e sendo requirida a súa tradución ao español para a difusión noutros perfís de ACPP no estado.

Superamos os retos identificados na liña de base?

➔ Unha comunicación coidada e responsable

Raquel López, responsable do proxecto de ACPP:

“Con respecto ao tratamento e ao enfoque que dabamos, destacar que tanto Xiana como Marta, tiveron desde o inicio claro cal era a imaxe que queriamos ofrecer (unha imaxe non estereotipada do sur, etc). Foi todo moi doado porque se dixo ao inicio do proxecto e non foi necesario insistir máis, quedou interiorizado por parte de ambas. Fixeron un tratamento das imaxes ademais de moi bonito a nivel estético e moi coidadoso. Houbo xente que me preguntou por quen realizaba ese traballo porque lles chamou a atención polo bonito e o coidado. Para min ten moito valor o seu traballo porque sabiamos que eran profesionais dos seus campos (comunicación e deseño gráfico) e que tiñan sensibilidade, mais non tiñan por que estar formadas en enfoque de dereitos, transversalidade e estes conceptos mais relacionados co traballo de Acpp, e na práctica si traballaron como si o estiveran.”

Xiana Iglesias, responsable da comunicación:

“Eu estaba moi tranquila porque sabiamos que estaba detrás Raquel revisando o traballo e comentando calquera cuestión relacionada co enfoque a dar nos contidos e as imaxes. Ela sentou as bases sobre o traballo a facer e sobre o enfoque e iso facilitou o meu traballo e tamén o de Marta.”

● **IOV-4.7. Ao finalizar o proxecto, realizada avaliación externa do proxecto.**

Fontes de información do traballo de campo: revisión de documentación da LB e nós mesmas

A avaliación externa do proxecto foi realizada por Arabías S.Coop.Galega. Os resultados da mesma preséntanse neste documento.

3. Cara onde camiñar



Son moitos elementos que axudan a que as plantas medren fortes e sas, e sexan quen de continuar coas forzas necesarias os novos ciclos, as novas voltas ao sol. Precisan das aprendizaxes das camponesas que as coidan así como de aire, auga, luz solar, un chan fértil e calor para medrar. Só así as sementes serán de cambio e de loita polos dereitos das mulleres.

Neste terceiro apartado da avaliación, recollemos as principais conclusións do proceso de avaliación para cada un dos resultados así como as reflexións xerais sobre o proxecto avaliado. O seu obxectivo é abrir o camiño para a construción do futuro Elas deciden.

As conclusións a través das paradas do camiño

R1 Mellorados os coñecementos e actitudes e alumnado e profesorado sobre dereitos sexuais e reprodutivos.

A crise sanitaria da Covid supuxo un reto na consecución deste resultado. O contexto complexo vivido no primeiro semestre de 2021 dificultou levar a cabo parte das actividades previstas nos centros educativos. Así, no marco do proxecto solicitouse unha prórroga e parte das actividades confluíron coas actividades previstas na segunda edición de Elas deciden.

A elaboración da guía foi coidadosa e construída dende unha perspectiva feminista e decolonial, o que trouxo consigo resultados satisfactorios. Con todo, existía de partida unha preocupación porque a metodoloxía fora adecuada coas sesións de aulas e o perfil do alumnado, cuestión que foi contrastada de maneira positiva nas sesións de monitoreo. Aínda así, as percepcións a este respecto son da educadora que liderou a sesión de monitoreo, esta análise sería moito máis completa se tiveramos información directa do alumnado ou do profesorado – neste senso, a crise sanitaria foi un hándicap na elaboración do traballo de campo desta avaliación-.

ACPP comeza a través do Elas deciden un camiño no tema dos dereitos sexuais e reprodutivos dende o ámbito da educación ao desenvolvemento. Este é un camiño novidoso e innovador. Até o momento, na Galiza non existía un recurso didáctico para traballar este tema, e menos dende unha perspectiva decolonial e feminista. Podemos intuír que ACPP chegará a posicionarse coma un referente neste ámbito, mais é cedo para afirmalo tendo en conta que o traballo en aulas está a comezar. Consideramos este punto un traballo de fondo onde a edición do Elas deciden 2021 arrojará moitas respostas.

R2 Fortalecidas as capacidades de axentes chave no ámbito da cooperación internacional con enfoque de xénero.

Este resultado tivo un gran compoñente relacionado coa comunicación e a difusión, diferentes actividades e accións que se levaron a cabo de maneira satisfactoria. Con todo, observamos dificultades na participación da formación, especialmente na dos homes. Neste aspecto apuntamos por unha banda, ás dificultades provocadas pola Covid, e por outra, ao carácter innovador que ten o tema a tratar. Os dous factores influíron para que a participación non fora como se desexaba nun principio. Aínda así, tendo en conta a estratexia de comunicación traballada podemos intuír o posicionamento deste tema a nivel de tecido social e de ONGD, un resultado que pode supor un punto de inicio neste camiño. As persoas que formaron parte desta formación mostraron opinións moi positivas sobre as sesións; dende un plano máis loxístico, de xestión e de desenvolvemento das sesións.

A formación foi desenvolvida dunha maneira coidadosa e as técnicas utilizadas foron ben valoradas polo grupo. As formadoras poñen o foco na delicadeza á hora de traballar o decolonialismo con profesionais da cooperación e en coherencia deron resposta no espazo formativo. Nos comentarios realizados polas participantes e na conversa coas formadorasponse o foco na creación de máis espazos similares, así como na creación de redes de persoas vinculadas coa cooperación ao desenvolvemento que queiran seguir a deconstruírse e pensar dende un plano decolonial.

R3 Contribuído á sensibilización e incidencia social e política.

Este resultado comprende un salto cualitativo no que respecta ao Elas deciden e a rede de mulleres que se quere ir tecendo pouco a pouco. As actividades tiveron unha moi boa acollida por parte dos colectivos feministas do rural galego, valorando moi positivamente o tema a tratar, o documental e os vínculos establecidos entre ACPP, os colectivos e a realidade das mulleres do sur. Ademais, no traballo de campo percibimos o impacto do documental nos colectivos. Todas as conversas nos levaron a reflexións que teñen que ver sobre a importancia de establecer lazos de sororidade entre as mulleres do norte e do sur e sobre a importancia de mirar dende a horizontalidade a situación dos dereitos sexuais e reprodutivos no sur.

Neste 2020 Elas deciden dá un paso pola incidencia política, neste sentido é fundamental a visita das mulleres salvadoreñas e todos os espazos aos que chega a súa voz. Este resultado engloba diferentes indicadores conseguidos que dan luz a espazos de diálogo onde as mulleres do sur foron interlocutoras directas en espazos públicos de poder político e social na Galiza.

R4 Fomentada a coordinación e análise do proxecto de cara a súa visibilidade e sustentabilidade.

Este resultado sentou a base para o funcionamento do resto do proxecto. Polo xeral, adoita ser un resultado que pasa desapercibido e non se lle dá moita importancia. Porén, no Elas deciden os compoñentes de coordinación e xestión foron relevantes, asumíronse como vertebrais polo equipo de ACPP e iso posibilitou o desenvolvemento dun proxecto coral e a consecución dos restantes resultados. Todos os prismas deste proxecto, que en termos de xestión e organización supoñían un forte reto, puideron desenvolverse ao poñer moitas enerxías neste resultado.

En canto á comunicación, foi un compoñente fundamental do proxecto, ao que se lle deu moita relevancia e iso posibilitou a consecución de moitos dos obxectivos do proxecto, así como dos retos identificados na liña de base. Contar cunha profesional especializada na materia foi, sen dúbida, unha das fortalezas do proxecto que vemos necesario manter no devir do proxecto en futuras edicións.

Tendo en conta a importancia que se lle deu no proxecto á voz e á presenza de mulleres Sur, que aportasen o enfoque decolonial necesario para abordar os temas do proxecto así como para conseguir os obxectivos marcados, consideramos que suporía tamén unha fortaleza a valorar en futuras edicións contar coa presenza horizontal de mulleres do sur nos procesos tanto de coordinación e comunicación do proxecto de maneira transversal.

Reflexións xerais sobre o Elas deciden

Esta avaliación construída a partir da revisión da documentación e múltiples conversas levounos a reflexionar sobre algunhas cuestións que consideramos importantes a ter en conta no futuro.

En liñas xerais, consideramos que esta primeira edición do proxecto foi unha fonte moi importante de aprendizaxes desde os cales reflexionar para seguir construíndo e sentar as bases dun proxecto necesario, transformador e feminista.

Recollemos os froitos que se agardaban na liña de base

Consideramos que o Elas deciden foi quen de recoller os froitos pensados inicialmente, conseguindo acadalos nun contexto adverso e de gran dificultade como foi o escenario da Covid e a través dun proxecto que comeza o seu camiño, o que supón sempre un reto engadido.

Os froitos que se querían recoller e se recolleron foron:

Sensibilización sobre os procesos de apoderamento das mulleres a un e outro lado desta “liña” Sur-Norte global

Conseguíuse artellar espazos de intercambio de ambas realidades e posibilitando onde as mulleres salvadoreñas e as mulleres galegas activistas do rural representaron un rol de axentes titulares de dereitos.

Visibilización na sociedade do labor que desenvolven as mulleres das organizacións contrapartes locais para comprendelas mellor

Creáronse espazos online e físicos onde rachar prexuízos preponderantes na nosa sociedade. A presenza das mulleres do Sur deuse en diferentes planos, actividades, accións e espazos o que axudou a visibilizar e conectar as experiencias, axudando, sen dúbida, a comprendelas mellor.

Formación encamiñada a favorecer as aprendizaxes da comunidade educativa galega

Artellouse unha estratexia de formación a partir da creación da guía e espazos formativos onde se comezou a reflexionar sobre os dereitos sexuais e reprodutivos, a violencia obstétrica, a despenalización do aborto (lexislación e loitas feministas Norte/Sur) e a educación afectivo – sexual integral.

Retos para o enraizamento do Elas deciden

Consideramos que o Elas deciden ten por diante tamén diferentes retos aos que dar resposta para ser quen de enraizarse na terra logo desta primeira edición. Sinalamos aquí unha serie de elementos sobre os que reflexionar, apuntando posibles escenarios que axuden a darlles resposta.

Como referimos en diferentes espazos deste documento, o Elas deciden é un proxecto coral e complexo, que intenta dar resposta a través de múltiples ramas (formación, comunicación, sensibilización e incidencia política), que se dirixen e se alían con diferentes axentes (comunidade educativa galega, axentes chave e titulares de obrigas), a diversas cuestións relacionadas co papel dos movementos de mulleres na consecución da equidade de xénero no marco da Axenda 2030. Algúns dos temas que centra a preocupación do programa son, por exemplo, os dereitos das mulleres, especialmente sexuais e reprodutivos; a visibilización das mulleres do sur, especialmente das organizacións contrapartes locais de ACPP; a loita contra a exclusión e as desigualdade nas relacións Norte-Sur; a sensibilización sobre os procesos de apoderamento das mulleres.

Este carácter coral e complexo, supón unha das fortalezas do proxecto xa que facilita unha multidisciplinidade moi frutífera, que alimenta e enriquece unha proposta que é quen de chegar a diferentes lugares, espazos e axentes. Mais esta fortaleza, supón tamén múltiples retos, que teñen que ver coa propia concepción do proxecto e con dar resposta a quen é e que quere conseguir o Elas Deciden. O risco está, por tanto, en que “as ramas non deixen ver o bosque”, isto é, que os diferentes elementos, axentes e ferramentas do proxecto fagan perder o foco do que une e vertebra o Elas deciden ou, o que é o mesmo, a súa razón de ser.

Tendo en conta as multiplicidades do proxecto, pensamos que pode ser interesante poñer as forzas en profundar na súa raíz, na esencia da semente que se plantou na terra para, desde aí, trazar un fío que unifique a proposta e dialogue con ferramentas e axentes diversos.

Reflexións sobre o proceso de avaliación


Sen dúbida, avaliar este proxecto supuxo tamén para nós un forte reto ao ter diante un proxecto que se escapa do habitual nos proxectos de EpDCG. O carácter coral do proxecto, que é unha das súas grandes fortalezas, tal e como indicamos en numerosos lugares deste documento, demanda un alto grao de implicación e traballo para nós, como equipa avaliadora.

Todos os procesos de avaliación teñen sempre unha serie de limitacións, temporais, contextuais e tamén económicas, que implican que como equipa avaliadora teñamos que tomar decisións metodolóxicas. Neste senso, pensamos que as decisións tomadas foron as correctas para poder abordar de maneira ampla a avaliación do proxecto, o que era necesario ao estar fronte a unha primeira edición, mais somos conscientes de que tivemos que acotar o traballo de campo e priorizar axentes, resultando imposible abarcar todo o que nos gustaría.

Como equipa avaliadora debemos recoller aprendizaxes e introducir melloras que axuden a acompañar este proxecto da mellor das maneiras e dar resposta ás preguntas que xorden durante o proceso. Para facelo, é necesario a nivel metodolóxico que en vindeiros proxectos se teña en conta a necesidade de deseñar unha avaliación máis continua, que permita conversar cos diferentes elementos, axentes e accións dunha maneira máis constante. Desta maneira, poderase coñecer co maior detalle posible o camiño que recorre o proxecto e ofrecer preguntas e respostas útiles que axuden á implantación dun proxecto innovador e necesario que amplía as posibilidades da EpDCG desde unha perspectiva feminista.

Anexo 1. Comunicación e difusión das actividades

Imaxes que acompañan as publicacións de presentación da guía didáctica




Imaxe que acompaña a publicación de devolución de resultados da guía didáctica



Conclusións das sesións en institutos

- 1 O alumnado bota en falta contidos de educación afectivo-sexual nas aulas.
- 2 Carece de información sobre o aborto e non se lles fala sobre el na aula.
- 3 Unha parte reconece ter estereotipos sobre o aborto asociados a mulleres inmigrantes e con poucos recursos.

Imaxe que acompaña a publicación e difusión da formación



Contidos

- 1. ESCALEIRA DA PROVENCIÓN**
 - Ferramentas para reforzar a cohesión de grupos
 - Fortalecemento do traballo en equipo
- 2. CONCEPTOS BÁSICOS**
 - Cooperación internacional: a cooperación ao desenvolvemento
 - Enfoque de Xénero: teorías e desenvolvemento
 - Interseccionalidade e decolonialidade
 - Correntes críticas do feminismo
- 3. INTERVENCIÓN E INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN**
 - Feminismo decolonial
 - Acción sen dano
 - O xénero na cooperación: modelo actual, riscos e desafíos

Metodoloxía

"A transferencia de coñecementos pasa pola creación dun proceso dinámico que nace do mesmo grupo que recibe a formación."

BASÉASE NO ENFOQUE SOCIO-AFECTIVO
Vivenciar na propia pel a situación que se quer traballar para ter unha experiencia en primeira persoa que nos permita entender e sentir o que estamos traballando, baseándose nos procesos de grupo e na aprendizaxe participativa, activa e transformadora.

PROPÓN EXERCICIOS DE EXPRESIÓN ARTÍSTICA
Faremos propostas artísticas, de forma que as actividades e dinámicas contén cun importante compoñente creativo desenvolvido desde diferentes disciplinas (danza, teatro, artes plásticas, música, audiovisuais, etc).

Imaxe que acompaña a publicación e difusión do encontro

VOCES DE EL SALVADOR: encontro con activistas feministas

5 NOV
19:00 – 21:00h
Na Casa Xohana Torres

Encontrarémonos con mulleres activistas do Sur que compartirán a súa experiencia concreta, ferramentas de mobilización e incidencia política, experiencias persoais como activistas do movemento feminista e novos retos de cara o futuro.

Mercy Mulato
Activista, feminista e traballadora social en El Salvador.

Jennifer Alisson Serrano Rivas e Yesesina Karmelina Martínez Ayala
Activistas feministas, traballadoras sociais e educadoras en El Salvador.

MÁS INFO:
607 3975
casaxohana@xogalicia.gal

<https://xogalicia.gal/comunicacion/actividades>

Imaxe que acompaña a publicación e difusión das proxeccións



Imaxe que acompaña a publicación e difusión do encontro

